



IIº INTERCAMBIO ESCOLAR I.E.S. XOSÉ NEIRA VILAS DE OLEIROS / COLLÈGE NOTRE DAME LE MENIMUR DE VANNES.-

Día 14 .- SAÍDA o **DOMINGO DÍA 14 dende a RUA MIRADOIRO Nº 41** en Perillo **ás 20h30** co seguinte itinerario: Oleiros, Lugo, Burgos , San Sebastián, Irún , Burdeos, Niort, Nantes e Vannes, chegaremos **o día 15** sobre ás 19 h aproximadamente.

Día 15 .- Acollida do alumnado no Centro francés, teremos unha primeira toma de contacto para saber si hai algún problema nas familias, etc.; asistencia a algunha clase, faremos unha primeira visita para ubicarse na cidade.

Día 16 .- 1ª das excursións programadas co seguinte itinerario: Vannes, Carnac (visitando os alineamentos megalíticos), visita a La Trinitaine, e Quimper (cidade moi famosa pola súa cerámica) e pola tarde regreso a Vannes.

Días 17 .- Asistencia a algunha clase e como é día de mercado visitarémolo. Recepción no Concello de Vannes. Ese día non hai clase pola tarde.

Día 18 .- Asistencia a algunha clase e tempo para completar o traballo, aula de informática, etc.. Pola tarde visita ao Museo da Prehistoria

Día 19 .- 2ª das excursións programadas para coñecer a rexión de Bretaña co seguinte itinerario: Vannes, Dinan (cidade irmanada con Lugo), Monte Saint-Michel, Saint Malo e pola tarde regreso a Vannes

Días 20 e 21 .- Fin de semana coas familias de acollida

Día 22 .- Actividades no Colexio: asistencia a clases, completar o traballo, aula de informática, etc..

Día 23 .- Saída pola mañá con dirección a París co seguinte itinerario: Vannes, Nantes, Angers, Le Mans e París, a onde chegaremos a 1ª hora da tarde, irémos ao albergue, faremos a adxudicación dos cuartos na distribución que o alumnado fixo e empezaremos a percorrer a cidade : Campos Eliseos, Tour Eiffel e paseo polo Sena.

Día 24.- Visita de París, temos contratado cunha empresa de París a visita en autobús polos lugares máis importantes da cidade acompañados cun guía local, esta visita dura aproximadamente 5 horas, faremos algún percorrido a pé(visitaremos a Catedral de Nosa Señora, Centro Cultural Georges Pompidou, Museo do Louvre, Ópera de París, as Galerías Lafayette, Praza da Concordia, Campos Eliseos, Arco de Triunfo ; comeremos nun auto-servicio pola tarde visitaremos Montmartre e pola noite tempo libre para cear no Barrio Latino. O alumnado de 4º da ESO visitará a Ópera Garnier.

Día 25.- Visita ao Parque de Eurodisney; pola noite saída con dirección a Oleiros. **CHEGAREMOS o día 26 de marzo** á media tarde .

Un saúdo do profesorado que acompañará ao alumnado do IES XOSÉ NEIRA VILAS de Oleiros no 2º Intercambio Escolar.

ISABEL LÓPEZ MARIÑO / CARLOS VIDAL